

Le o texto e responde.

### Unha bela visión

Unha noite de outono, Antón atravesaba unha fraga, camiño da súa aldea. A lúa chea alumeara os seus pasos cansos e, ao chegar ao río, viu un enorme resplandor no medio das augas.

—Que luz tan fermosa ten a lúa hoxe! —exclamou Antón abraiado.

De súpito, puido distinguir unha bela figura feminina que xurdía das augas e lle tendía as mans mentres dicía con voz doce:

—Achégate...

Nese intre, o ceo nubrouse. Antón axitou a cabeza, como acordando dun pesadelo, e botou a correr sen parar. Ao día seguinte, os veciños explicáronlle que aquela fermosa muller era a perigosa xacia que moraba no río.

- Que personaxes interveñen? Cal é a súa natureza?
- Que feitos se narran? En que persoa están relatados? Refírense en orde cronolóxica?

- Procura información e define o que é unha xacia. Despois, escribe unha descripción imaxinaria e subxectiva da xacia deste relato.

Le este texto e resolve as cuestiós que se propoñen.

### As dúas rapazas

Nunha vila vivían dúas irmás. A maior chamábase Rosa e a máis nova, Inés. Queríanse ben e sempre estaban xuntas, aínda que eran moi diferentes.

Rosa era alta, delgada, roxa, coa pel branca coma a neve e cuns preciosos ollos azuis. A súa expresión era tristeira e melancólica, case nunca sorriía. Só por veces, cando Inés lle dícía algunha parvada, os seus ollíños parecían brillar de xeito especial uns instantes e iluminaban o seu serio rostro.

Inés era mesmo o contrario: morena, regordecha e viva coma un esquío, sempre cun sorriso na súa cariña de nena travesa, contaxiaba a alegria a cantos tiña arredor dela.



- Completa unha ficha coma esta para cada rapaza a partir dos datos proporcionados na súa descripción.

Nome: \_\_\_\_\_

Trazos físicos: \_\_\_\_\_

Trazos de carácter: \_\_\_\_\_

- Localiza as comparacións que hai no texto e responde.

- A que personaxe corresponde cada comparación? Que se compara en cada caso e con que?

- 3 Moitas palabras gardan semellanza co termo latino de que proceden.

Que palabras galegas cres que proceden destas latinas? Escríbeas.

- |          |         |           |
|----------|---------|-----------|
| • HOMINE | • PANE  | • CANE    |
| • FACERE | • GENTE | • FORMOSU |

- 4 Indica a que clase de palabras pertencen estes termos e sinala se son variables ou invariables.

- |          |        |            |
|----------|--------|------------|
| • sempre | • elas | • vixésimo |
| • porque | • para | • fermosa  |
| • vosos  | • ai!  | • coñecen  |

- 5 Transforma as seguintes frases en oracións.

- Que día tan frío!
- Silencio! Un pouco de respecto!
- Que comida más saborosa!
- Fantástico, unha festa de aniversario!
- Retencións de dous quilómetros na entrada da vila.
- Boas noites.
- Mágoa de chuvia!

- 6 Ordena estas palabras para formar enunciados e especifica se eses enunciados son oracións ou frases.

- tan / vacacións / longas / Que / magníficas! / e
- moita / na / neve / semana! / esta / montaña / Oxalá / haxa

- 7 Enche os ocos destas palabras con *c*, *k*, *qu* e *z*.

- |             |            |                |
|-------------|------------|----------------|
| • por*o     | • *iwi     | • ma*reira     |
| • pa*ete    | • perdi*   | • tí**et       |
| • rapa*ada  | • anora*   | • *enoira      |
| • pa*istaní | • *al*etín | • perseveran*a |


Le a seguinte descripción e explica se é obxectiva ou subxectiva. Despois, indica en que tipo de obra poderías atopala.

O mastín dos Pireneos é un can voluminoso, de pelo abundante e de cor branca con manchas pardas. O que máis destaca no seu corpo é a cabeza, que ten un fociño saído e redondeado, unha boca grande, unhas orellas que colgan peludas e uns ollos tristes. As patas son fortes e o rabo, longo.



Escribe un conto en que interveñan personaxes da mitoloxía galega.

– Antes de escribir o relato, procura información sobre os personaxes que o van protagonizar. Poden ser algúns dos seguintes:



► Inclúa no conto unha descripción do ser mítico que intervén nel. Relata os feitos en 3.<sup>a</sup> persoa seguindo unha orde cronolóxica.

Une os elementos latinos co seu significado.

- |        |                |
|--------|----------------|
| sub-   | • 'varios'     |
| inter- | • 'fóra de'    |
| pluri- | • 'entre'      |
| extra- | • 'pequeno'    |
| mini-  | • 'debaixo de' |

► Escribe unha palabra que conteña cada elemento.

### O ourizo e a lebre

Unha vez, unha lebre e un ourizo tiveron unha porfía a ver quen corría máis. O ourizo ríase da lebre dicíndolle que gañaba el, e a lebre, sabedora de que corría máis ela, quixo facer unha carreira. Conviñeron o sitio onde habían de disputar a proba e cada un foi facer os seus preparativos.

O ourizo, que era moi listo, marchou ao tobo e contoulle o conto á ouriza. Xuntos determinaron que ela se agachase no fondal do monte. Daquela, o ourizo volveu pé da lebre e, despois de facer o tempo para que a ouriza se ocultase, díxolle á rival:

–E logo, xa estás disposta? Imos cando queiras e, como sei que che hei gañar por máis que ti fagas, douche unha vantaxe: ti ponte diante, eu quedo atrás e xa verás como che paso! [...]

HENRIQUE HARGUINDEY e MARUXA BARRIO,  
*Antoloxía do conto popular galego* (adaptación)

5 Fíxate na situación comunicativa explicada en cada liña e escribe un enunciado axeitado a ese contexto.

- Un profesor ou unha profesora explican un contido.
- Unha persoa responde ao teléfono.
- Un rapaz recibe un agasallo e ábreo.

6 Clasifica as seguintes palabras atendendo á súa clase.

- |           |          |           |         |
|-----------|----------|-----------|---------|
| • séntimo | • eles   | • pero    | • axiña |
| • as      | • baixo  | • adaptar | • iso   |
| • algúns  | • cabaza | • uf!     | • miña  |

7 Le estes textos e contesta.

Durante o día  
o faro semella bolboreta durmida.  
Cando anoitece abre as alas  
e busca a sombra  
dos mariñeiros perdidos.

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

**faro** s. m. Torre alta situada na costa, provista dunha potente luz e sistemas acústicos para guiar a navegación.

Nome: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

e o seguinte texto e responde.

A matemática María Josefa Wonenburger Pla-nells naceu en Montrove (Oleiros, A Coruña) o 19 de xullo de 1927.

Desde unha idade temperá, María Wonenburger destacou polos seus bos resultados académicos, así como pola súa afección ao deporte e aos idiom as.

En 1945 traslázase a Madrid para cursar os estudos universitarios. En 1950, e tras unha brillante carreira, obtén o título de licenciada en Matemáticas pola Universidade Central de Madrid. Entre 1950 e 1953 cursa os estudos de doutoramento, tamén en Madrid. Na primavera de 1953 concédenlle unha bolsa Fullbright para estudar na prestixiosa Universidade de Yale, nos Estados Unidos. En 1957 doutorouse nesa universidade. O seu traballo estivo tutelado por Nathan Jacobson, un dos alxebristas máis destacados do século XX.

Despois de tres anos traballando no Instituto de Matemáticas Jorge Juan do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), obtivo unha bolsa posdoutoral de dous anos en Ontario, Canadá, onde se incorporou como docente. Traballou tamén nas universidades de Buffalo e de Bloomington (Indiana).

En 1983, por motivos persoais, María Wonenburger retrírase da vida académica e regresa á súa cidade natal, onde morreu en 2014.

No ano 2006 a Xunta de Galicia creou o Premio María Josefa Wonenburger para destacar a traxectoria relevante de mulleres que traballaron nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía.

- |          |          |          |
|----------|----------|----------|
| • chamar | • fillo  | • dedo   |
| • fonte  | • chuvia | • fronte |
| • pai    | • egua   | • chave  |
| • abella | • chorar | • pé     |
| • lingua | • orella | • porta  |

3 Substitúe as expresións latinas destacadas nas seguintes oracións polas equivalentes galegas recadradas.

a propósito

no último momento

sen data fixa

estado actual das cousas

peculiar

por iniciativa propia

no propio lugar

- O equipo contrario marcou **in extremis** o gol que lle deu a clasificación para a final.
- Os estudantes mobilízanse e impulsan diversas accións de protesta porque desexan mudar o **statu quo** do sistema.
- Decidiron colaborar **motu proprio** e así a investigación resultou más dodata.
- Despois de todo o que nos aconteceu de camiño ao aeroporto, a viaxe foi posposta **sine die**.
- As autoridades trasladáronse á zona para avaliar **in situ** os danos causados polas inundacións.
- Fomos **ex professo** á facultade de Veterinaria de Lugo

Nome: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

### A Mastrina Xaovén

Aquela primeira visita ao barrio da Mastrina convertérase nunha obrigada viaxe a outra época. Amolábame camiñar por aquelas rúas sen pavimentar, longas e estreitas, dispostas coma unha cuadricula [...], e enzoufar na súa lama as zapatillas novas e os baixos do pantalón. E amolábame tamén a idea de perder catro horas á semana Bourando nunha klavia. Por que miña nai tería que ser tan obsesa dos detalles? Ese era o problema! Se non estudase o xornal cada domingo coma se fose unha escritura sagrada, talvez non repararía naquel insignificante anuncio: «Impártense clases de klavia pola Mastrina Xaovén, ex-directora da Orquestra Filarmónica de Audierna. Prezo a convir. Rúa Bagaré, n.º 221 B». [...]

Aquel era o enderezo, mais o predio non concordaba coa imaxe mental que fixera da morada dunha directora da Filarmónica. [...] A casa era estreita, cun pequeno soportal na súa frente e contras azuis nas xanelas. Os seus muros conformaban un crebacabezas de táboas brancas, deformadas polo tempo e a humidade. O frontal do segundo andar ocupába o enteiro unha galería, cos seus vidros aloumiñados polos longos dedos dun carballo torto. Os peitorís estaban aderezados con colo-ridos testos de flores.

Cheo de fastío subín os chanzos até o soportal e observei a desfeita das miñas zapatillas cubertas de barro. Despois de dubidar un bocado, decidinme a premer o timbre, que resouu no interior da vivenda nun laio metálico. Non houbo resposta. [...] Agardei uns segundos e insistín no timbre. Cando o son metálico se esvaeceu

por segunda vez, ouvín uns pasos que se achegaban á porta. Abriuse entón un ferrollo, até que entre a folla e o marco xurdiu unha fenda.

-Si? –preguntou a voz rouca dunha anciá.

-Boa tarde. Son Guiomar Brelivete. Viña pola clase de klavia. Coido que meus pais xa falaron...

-Ah, si! –respondeu a voz, caendo na conta-. Pasa, pasa.

Subimos unha escalaera cuberta de moqueta granate que renxiá a cada paso. O aire era denso e cheiraba a balor. Por un intre sentín náuseas. Ao final da escalaera abríase unha ampla sala rectangular, cunha clavia branca que ocupaba o seu centro. [...] A vella sentou na randeeira e ollou cara a min. Era todo ósos dispostos en afiados ángulos, e padecía un lixeiro estrabismo no ollo esquerdo. Vestía un mandilón verde que deixaba ao descuberto a parte inferior das pernas, dous carabullos retortos deformados por cordilleiras de varices. [...]

-Túa nai díxome que estudaches klavia durante tres anos –arrancou finalmente a anciá.

-Así é, mais non toco con regularidade. [...] Faltei a unha chea de clases, e na casa non toco nunca. En realidade, son unha negada: odio a klavia. Ódioa con todas as miñas forzas. Estou aquí obrigada polos meus pais, e os días que aquí pase batendo nese condenado cachifallo son adestramentos que perderei co meu equipo.

ANTONIO MANUEL FRAGA, Tártarus (adaptación)

Curso:

Data:

Le o seguinte texto e resolve as cuestiós que se propoñen. (1,25)

Pola mañá cedo dixerón que non abrían as escolas, que os danos materiais producidos polo temporal eran cuantiosos, que moitos tramos de estradas estaban cerrados á circulación e que non se tiña constancia de danos nas persoas. Miña nai, nada máis oílo, veu darmo noticia de todo, coidando que eu aínda durmía.

—Eva —faloume docemente—, podes quedar na cama ata a hora que queiras. Acaban de dicir pola radio que non hai escola. O temporal...

—Que pasou? —interrompín eu con desacougo.

—Calma, gordiña. Parece ser que nada grave. Din que produciu importantes danos, sobre todo nas estradas, pero que non hai vítimas.

Eu acouguei e deixeime caer no cabezal, co cansazo de toda a noite en vela. Mais axiña acordei e decidín ir tomar un bocado á cociña, onda a nai, para escoitar a radio e saber por min mesma que cousas dicían e como as dicían.

*Relatos para un tempo novo (adaptación)*

• Indica que personaxes participan na acción e cal deles relata os feitos.

.....  
• Marca a persoa gramatical que se emprega para narrar:  1.<sup>a</sup> persoa.  3.<sup>a</sup> persoa.

Marca a descripción que sexa obxectiva. (1,25)

A tormenta foi aterradora, con ameazadores lóstregos e unha chuvia desesperante.

A tormenta foi moi forte, con lóstregos intensos e chuvia abundante.

Relaciona cada palabra galega co termo do cadro de que procede. (1,25)

1. SUFFLARE

2. PLUVIA

3. VENTU

4. AERE

5. LUSTRICARE

Identifica e copia os substantivos e os verbos do primeiro parágrafo do texto. (1,75)

Substantivos

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Verbos

Explica cal é a diferença entre unha palabra variable e unha palabra invariable. Para ilustrar explicación, proporciona un exemplo de cada tipo de palabra extraído do texto. (1,5)

Responde os textos seguintes e responde. (1,75)

**Na lagoa maldita**

Bicando as nubes cos ollos  
está a lagoa da Serpe,  
alá na Pena Trevinca  
onde o sentido se perde.

Na lagoa hai unha serpe,  
unha serpe xigantesca  
que se transforma en muller  
nas noites de lúa chea.

E coa mesma apariencia,  
no amencer de San Xoán  
peitea sobre unha rocha  
o seu cabelo coas mans.

Mientras ella se peitea,  
ten os ollos ben tristeiros.

Din que agarda por un mozo,  
dende hai anos por xaneiro.

**A lagoa da serpe de Pena Trevinca**

A Lagoa da Serpe está na serra de Pena Trevinca, no concello da Veiga (Ourense), a case 1700 metros de altitude.

Din que alí, entre as augas, vive unha serpe xigantesca que nas noites de lúa chea se transfigura en muller moza e moi fermosa. Tamén contan que se pode ver coa mesma apariencia nos amences do día de San Xoán, acomodada sobre a rocha de a carón da lagoa mentres peitea o seu cabelo, que é negro coma o acibeche.

Quen a viu di que mentres se peitea aparenta triste e cavilosa, pois agarda o valente mozo que ouse desencantala.

ANTONIO GARCÍA TEJEIRO E ANTONIO REIGOSA,  
*Lendo lendas, digo versos* (adaptación)

Le o seguinte texto e resolve as cuestións que se propoñen.

Cando falo de contarlle a miña historia dende o primeiro non estou sendo exacto, porque entón teríamos que remontarnos ata o século XV, cando vin a luz no castelo de Dracul, nas afastadas terras de Transilvania. Non, ese relato sería moi longo, e moi distinto do que vostede quizais coñece por lelo nunha novela chea de mentiras, ou por velo en calquera das equivocadas películas que se fixeron sobre min. Mire, eu voulle contar a miña historia só dende o momento en que cheguei a Galicia. [...]

Xa sei que vostede estará pensando qué se lle perdeu en Galicia a un vampiro que levaba unha vida tranquila e retirada nas terras de Romanía. Nin eu llo sei ben, todo foi froito dunha casualidade, como ocorre case sempre. Nunha das miñas excursións nocturnas por Budapest [...], sentinme atraído por unha fermosa rapaza estranxeira, de meixelas cálidas e pESCOZO apetecible. Seguina ata o hotel onde se hospedaba e, unha vez alí... unha vez alí fixen o que tiña que facer, non fai falta que lle conte os detalles, vostede xa sabe os meus procedementos alimentarios, nese punto as películas aproxímanse bastante á realidade.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ, *Amor dos quince anos*, Marilyn (adaptación)

Indica quen é o narrador que conduce o relato, cal é o seu papel na historia e que sabemos del a partir do texto. (0,75)

.....  
.....  
.....

Determina se esta descripción extraída do texto é obxectiva ou subxectiva e xustifica a resposta. (1)

Unha fermosa rapaza estranxeira, de meixelas cálidas e pESCOZO apetecible.

- Obxectiva  
 Subxectiva
- .....  
.....

Agora transforma a oración para convertela no tipo de descripción que non marcaches. (1,25)